

Curso académico: 2025/26

201905 - Análise Audiovisual

A guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías.

Información da Guía Docente

Código materia: 201905

Titulación: 10013 - Grao en Comunicación Audiovisual

Tipo: Obrigatoria

Curso: 3

Número de ECTS: 6.0

Periodo: Primeiro cuatrimestre

Idiomas:

Coordinación titulación: Ana María González Neira

Coordinación materia: María Josefa Formoso Barro

Profesorado: María Josefa Formoso Barro

1. Descrición xeral

A materia afonda nas diversas teorías e técnicas existentes no eido da información e a comunicación para ofrecer unha base sobre a que artellar a análise profesional de calquera obra audiovisual.

2. Resultados de formación e aprendizaxe (titulacións RD 822/2021) ou competencias (titulacións RD 1393/2007)

Competencias (titulación RD 1393/2007)

- **[A01]** Comunicar mensaxes audiovisuais.
- **[A04]** Investigar e analizar a comunicación audiovisual.
- **[A05]** Coñecer as teorías e a historia da comunicación audiovisual.
- **[A06]** Coñecer o sector audiovisual: a oferta e as audiencias.
- **[A11]** Coñecer as metodoloxías de investigación e análise.
- **[A12]** Coñecer os principais códigos da mensaxe audiovisual.
- **[B09]** Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imponse solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
- **[C01]** Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
- **[C02]** Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
- **[C03]** Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

- **[C04]** Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

2.1. Resultados de aprendizaxe (titulacións RD 1393/2007)

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a estrutura interna da mensaxe informativa e da mensaxe persuasiva.	A11 A12		
Coñecer as estratexias de manipulación e desinformación.	A1 A4 A5 A6 A12	B9	C1 C2 C3 C4
Coñecer as metodoloxías de análise das mensaxes audiovisuais e a influencia nos medios audiovisuais.	A4 A5 A6 A11 A12	B9	C3

3. Contidos

Unidade de contido	Descrición	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias	Metodoloxías docentes e actividades formativas	Sistemas de avaliación
Tema	1. Metodoloxías de análise de mensaxes audiovisuais: Principais teorías da comunicación e da información. Perspectivas dende as que se realiza a análise audiovisual. Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais de entretemento.			
Tema	2. Metodoloxía de análise da mensaxe informativa: Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais informativos.			
Tema	3. Análise do produto persuasivo: Análise retórico, discursivo, narrativo e semiótico dos produtos audiovisuais persuasivos.			
Tema	4. Estratexias de manipulación e desinformación: Análise crítico de estratexias de manipulación e desinformación.			
Tema	5. Análise da ficción Audiovisual. Análise retórico, discursivo, narrativo, semiótico e ideolóxico dos produtos de ficción audiovisual			
Tema	6. Crítica, ética e recepción de medios audiovisuais Estratexias de manipulación y persuasión.			

4. Metodoloxías docentes e actividades formativas

Modalidade Presencial

Metodoloxía	Descrición	Horas lectivas presenciais	Horas lectivas virtuais	Horas de traballo autónomo	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Atención personalizada [MAG00]	Previa cita vía mail	2,00	0,00	0,00	
Análise de fontes documentais [MAG02]	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, artigos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a súa análise.	21,00	0,00	41,00	A01, A04, A05, A06, A11, A12, B09, C01, C02, C03, C04.
Proba mixta [MAG32]	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	3,00	0,00	0,00	A01, A04, A05, A11, A12, C02, C03, C04.
Sesión maxistral [MAG39]	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.	22,00	0,00	61,00	A01, A04, A05, A06, A11, A12, B09, C01, C02, C03, C04.
Suma de horas por tipo		48,00	0,00	102,00	
Horas totais				150,00	

5. Avaliación

Modalidade Presencial			
Sistema de avaliación	Descrición	Ponderación (%)	Resultados de formación e de aprendizaxe / competencias
Análise de fontes documentais [SEG02]	Probas de análise de diferentes documentos audiovisuais segundo as indicacións do enunciado proposto pola docente. Traballos individuais e traballos en grupo.	70,00	A01, A04, A05, A06, A11, A12, B09, C01, C02, C03, C04.
Proba mixta [SEG32]	Proba que integra preguntas de ensaio e preguntas obxectivas. En canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento; as segundas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	30,00	A01, A04, A05, A11, A12, C02, C03, C04.
Total (%)		100,00	

Todos os aspectos relacionados con dispensa académica, dedicación ao estudo, permanencia e fraude académica rexeranse de acordo coa [normativa académica](#) vixente na UDC.

5.1. Primeira oportunidade

Dado que é unha materia eminentemente práctica, o peso maioritario desta recae, sobre todo, nos traballos realizados polo alumnado. O 30% da avaliación total procede da proba obxectiva sobre a teoría impartida nas clases que pode incluír tamén aplicación práctica. O 70% restante responde á avaliación das prácticas realizadas en clase (individuais/en grupo)

Para superar a materia é necesario aprobar os traballos prácticos plantexados na clase e aprobar a proba obxectiva.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na

segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Os/as alumnos/as deberán consultar semanalmente o Campus Virtual (Moodle), pois será o espazo a través do cal se lles comunicará toda a información necesaria sobre a materia: documentos, avisos e calificacións.

5.2. Segunda oportunidade

O alumnado debe aprobar o exame (30%) e as prácticas (70%). Se aproba algunha tarefa ao longo do curso, a súa cualificación conservarase ata esta convocatoria. As tarefas pendentes entregaranse o día e a hora programados para o segundo exame.

5.3. Oportunidade adiantada

Seguirase o mesmo método de avaliación da segunda oportunidade

5.4. Dispensa académica

O alumnado/a con dispensa académica deberá contactar coa profesora antes do 30 de setembro a fin de acordar o itinerario personalizado que permita suplir as ausencias ás sesións maxistras e horas de traballo na aula nos grupos medios.

6. Bibliografía recomendada

Bibliografía Básica

- Aumont, Jacques.; Marie, Michel. (1999). Análisis del film. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Bordwell, David.; Thompson, Kristin. (1995). El arte cinematográfico : una introducción. Paidós. Libro. [\[URL\]](#)
- Edgar-Hunt, Robert., Rawle, Steven.; Marland, John. (2011). El lenguaje cinematográfico. Parramon. Libro. [\[URL\]](#)
- Gutiérrez San Miguel, Begoña. (2006). Teoría de la narración audiovisual. Cátedra. Libro. [\[URL\]](#)
- Sánchez Noriega, José Luis, 1957-, Vázquez Montalbán, Manuel, pr. (2002). Crítica de la seducción mediática : comunicación y cultura de masas en la opulencia informativa. Tecnos, 2ª ed. act.. Libro. [\[URL\]](#)
- Vilches, Lorenzo. (1989). Manipulación de la información televisiva. Ediciones Paidós, 1ª ed.. Libro. [\[URL\]](#)
- Vogler, Christopher., Conde, Jorge, trad. (2020). El viaje del escritor : las estructuras míticas para escritores, guionistas, dramaturgos y novelistas. Ma Non Troppo, 3ª edición ampliada y revisada (20 aniversario). Libro. [\[URL\]](#)
- Watzlawick, Paul., Villanueva, Marciano., trad. (1994). ¿Es real la realidad? confusión, desinformación, comunicación. Herder, [6ª ed.]. Libro. [\[URL\]](#)

Bibliografía Complementaria

- Duran Castells, Jaume, Lasseter, John, dir. (2008). Toy Story : John Lasseter (1995). Octaedro; Nau Llibres. Libro. [\[URL\]](#)
- Fox (Canal de televisión); Elfman, Danny, 1953-; Rubinstein, Arthur B.; Gibbs, Richard; Clausen, Alf; Simon, Sam; Selman, Matt; Frink, John; Maxtone-Graham, Ian; Jean, Al; Brooks, James L., 1940- prod.; Groening, Matt, 1954- (2001). Los Simpson. Twentieth Century Fox Home Entertainment. Medio proxectado. [\[URL\]](#)
- Heffes, Alex; Cvetko, Svetlana; Mam, Kalyanee; Marrs, Audrey; Ferguson, Charles, dir. (2011). Inside Job. Sony Pictures. Medio proxectado. [\[URL\]](#)
- John Wells Productions; Warner Bros. Television; NBC (Canal de televisión); Alda, Alan, 1936- int.; Smits, Jimmy, 1955- int.; Spencer, John, int.; Janney, Allison, 1959- int.; Kelly, Moira, int.; Lowe, Rob, 1964- int.; Sheen, Martin, 1940- int.; Walden, W. G. Snuffy; Sorkin, Aaron, 1961- (2004). El ala oeste de la Casa Blanca. Warner Home Video española. Medio proxectado. [\[URL\]](#)
- MacArthur, Charles; Hecht, Ben, 1893-1964; Burnett, Carol, int.; Pendleton, Austin, int.; Matthau, Walter, 1920-2000, int.; Sarandon, Susan, int.; Lemmon, Jack, 1925-2001, int.; May, Billy; Cronenweth, Jordan; Diamond, I.A.L.; Monash, Paul; Wilder, Billy, dir. (2007). Primera plana. Suevia Films. Medio proxectado. [\[URL\]](#)
- Saporito, Stéphane; Karel, William, dir (2007). Opération Lune. Naïve Vision. Medio proxectado. [\[URL\]](#)
- Torres, Pep (2011). El arte del ruido : los secretos para obtener repercusión masiva en los medios de comunicación. Plataforma. Libro. [\[URL\]](#)
- Walt Disney Company.; Pixar Animation Studios; Giacchino, Michael, 1967- mús.; Rivera, Jonas; Docter, Pete, 1968- dir.; Peterson, Bob, dir. (2009). Up. Walt Disney Company Iberia. Medio proxectado. [\[URL\]](#)